



BASES DO CONCURSO DE BELÉNS **“NADAL NO PEREIRO”**

1. OBXECTO:

O Concello do Pereiro de Aguiar quere darlle visibilidade ás nosas parroquias, asociacións de veciños e centros de maiores do municipio nestas datas de Nadal.

2. PARTICIPANTES:

Poden participar todas as PARROQUIAS, ASOCIACIÓNS E CENTROS DE MAIORES do municipio.

3. INSCRICIÓNS:

As inscricións están abertas dende a publicación destas bases ata o día **15 de decembro**. É imprescindible inscribirse na actividade para poder participar, na Biblioteca Pública, no enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com ou nos teléfonos de contacto 988 25 98 39 ou 685 52 85 38.

4. XURADO:

O xurado estará formado por persoal da Área de Cultura e a Concelleira de Área de Benestar Social, Festexos, Ocio e Tempo Libre.

5. VALORACIÓN:

O xurado visitará as parroquias, asociacións e residencias que participen no concurso. Esta visita realizarase entre o **20 e 29 de decembro** previa comunicación do día e hora aproximada aos participantes, polo que os Beléns deben estar colocados nesas datas.

Seguiranse en todo momento as recomendacións sanitarias polo que, de non ser posible que o xurado valore de xeito presencial os Beléns, solicitaráselle aos inscritos que acheguen fotografías dos mesmos ao enderezo cultura@concellopereiro.com ou ben por WhatsApp ao 685 52 85 39, identificando as fotos e co nome e teléfono da persoa de contacto.

Para a valoración dos Beléns, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Tamaño da obra.



Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos polos membros do xurado, dará lugar aos gañadores do concurso.

O fallo do xurado será o día **30 de decembro**, sendo este inapelable. Os participantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.

Os gañadores comunicaranse a través da web do Concello, e por vía telefónica.

6. MATERIAIS QUE SE PODEN EMPREGAR:

Os materiais a empregar son libres, podendo utilizar todos os que os participantes decidan, sexan comprados ou elaborados por eles mesmos.

7. PREMIO:

- Premio único de 60,00€.

8. ENTREGA DO PREMIO:

A data de entrega do premio do concurso comunicárase vía telefónica aos interesados e publicarase na web do Concello.

Máis información na web do concello: www.concellopereiro.com ou na Biblioteca Pública, no enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com ou nos teléfonos de contacto 988 25 98 39 e 685 52 85 38.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

ORGANIZA
:



concello do
Pereiro



Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

